



CONCELLO DE PARADELA



**Manuel
Oreste
Rodríguez
López**

X FOLIO N CERTAME LITERARIO

X EDICIÓN CERTAME LITERARIO MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ

MODALIDADE: NARRATIVA E POESÍA

BASES

PRIMEIRA: Establécese un premio de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo xurado dentro do apartado de Poesía e outro de 600 euros para a obra que resulte seleccionada polo xurado dentro do apartado de Narrativa.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de dous mil catro. As obras enviaranse por triplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, o seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA
CERTAME LITERARIO
(Modalidade Poesía/Narrativa)
27611 PARADELA (Lugo)

En sobre aparte e cerrado, constará o lema e o título no exterior, e no interior o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriránse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de participación en ámbolos dous apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso.

CUARTA: O xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo e farase público polos medios de comunicación e persoalmente ós gañadores. O xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: As obras non premiadas poderán ser recollidas no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó dictame, transcorrido este prazo, os orixinais non reclamados pasarán a ser propiedade do Concello de Paradela.

SÉTIMA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, o día que estableza o xurado.

OITAVA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Concello de Paradela e do xurado.

Paradela, setembro de 2.004